

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-09-16 12:52

Número 13 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto de repavimentación do Parque de Santa Susana.

Destinatario

15078DCMG10I1KXU



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de setembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 13 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE REPAVIMENTACIÓN DO PARQUE DE SANTA SUSANA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 29 de setembro de 2016, do arquitecto xefe do servizo de Proxectos e Obras, e do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, do seguinte teor literal:

"Antecedentes

- 1.- Por orde do Concelleiro delegado da Área de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, solicitouse ao Servizo de Proxectos e obras a elaboración dun documento técnico que permita valorar e definir as condicións técnicas básicas para a reparación da pavimentación do entorno do parque de Santa Susana, incluíndo a costa de subida á igrexa de Sta Susana e o entorno da mesma, debido ao estado de deterioro no que se atopa na actualidade
- 2.- No presente mes de setembro procedeuse á redacción dun documento técnico denominado: "Memoria Valorada de repavimentación do entorno do parque de Santa Susana".
- 3.- Con data 12 de setembro de 2016 o arquitecto xefe do servizo de obras e proxectos emite o seguinte informe:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-09-16 12:52

"Obxecto da Memoria Valorada e solución adoptada.

O firme na subida á igrexa de Santa Susana, e varias zonas do entorno á mesma (Paseo dos Leons, Paseo da Alameda, o Paseo da Ferradura) atopanse en mal estado de conservación.

A actuación realizada no ano 2007, consistiu na pavimentación dunha capa de areas graníticas lavadas e compactadas, estabilizadas en superficie de seis centímetros, sobre quince centímetros de grava lavada de tamaño 20/40 mm e encachado de grava de tamaño 40/80 mm, completándose cunha rede de drenaxe cada cinco metros formando malla.

Trala inspección realizada observase, que logo do uso destes anos, un deterioro importante do pavimento e de algúns dos elementos que o conforman (canles de adoquín) polo que o planteamento e o de reposición do estado anterior.

O tratamento proposto está baseado na solución adoptada nesta anterior actuación, mantendo os canles de adoquín en diagonal que conduzan a auga á cuneta existente e recuperando as areas estabilizadas que permitan o drenaxe natural de toda a superficie. A actuación consiste, basicamente na recuperación do pavimento terrizo incluíndo a retirada e limpeza da capa de areas estabilizadas e a súa posterior execución do estendido dunha nova capa de area estabilizada, granítica seleccionada de machaqueo lavada (de iguais características á existente), compactada de 6 cm de espesor.

Dispoñibilidade dos bens e terreos afectados

As obras discorren ao longo dos espazos de titularidade municipal dentro do ámbito actual do Parque de Santa Susana, polo que existe plena dispoñibilidade dos mesmos para a súa execución.

Informes e autorizacións sectoriais

A actuación prevista atopase dentro do ámbito do Plan especial PE 1 de protección e rehabilitación da cidade histórica polo que requirirá do informe previo da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico establecida no Concello. As reparacións propostas están deseñadas para manter a mesma estrutura e acabado superficial que o existente na actualidade.

Por outra parte, está previsto que se proceda ao saneo da explanada existente nunha profundidade suplementaria de 26 cm. Ao tratarse dun suposto de movemento de terras por escavación debería informar previamente o Servizo municipal de Arqueoloxía. Non obstante, se informa que dada a escasa profundidade prevista para as escavacións

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-09-16 12:52

é previsible que solo afecten ás capas máis modernas do firme actual reformadas recentemente, sen afectar a capas máis profundas con posibles vestixios de relevancia.

Parámetros de licitación

Os parámetros de licitación son os seguintes:

Nome do proxecto: Repavimentación do entorno do parque de Santa Susana

Orzamento das obras: 115.857,22 € + 24.330,02 € de IVE (21%) = 140.187,24 €

Prazo de execución: 2 (dous) meses

Clasificación do contratista: Non se esixe

Conclusión

A vista do sinalado no presente informe técnico, considerase que a Memoria Valorada cumpre co encargo do Concelleiro e propónse, se procede, a súa tramitación, tendo en conta o indicado no apartado de informes e autorizacións sectoriais."

4.- Con data 14 de setembro de 2016 o arquitecto membro da ponencia técnica da Comisión Asesora de Patrimonio informa o seguinte:

"Por parte do SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS do Concello de Santiago, solicítase informe da "Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do plan especial PE-1" referente á proposta de REPAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO PARQUE DE SANTA SUSANA, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Antonio Ranedo Santillana.

O orzamento de execución material das obras ascende a 97.359,01 € e o prazo de execución previsto é de dous (2) meses.

DESCRIPCIÓN DA INTERVENCIÓN

A actuación afecta principalmente ao camiño de subida á igrexa de Santa Susana, que foi executado no ano 2007 e que se atopa moi deteriorado debido á súa pendente, combinada co efecto da subida periódica de camiións de gran tonelaxe durante os períodos das festas.

Obsérvanse danos na pavimentación das zonas de area estabilizada (debido a escorrentías inadecuadas), roturas dos canles de lastros (dispostos en diagonal para a evacuación das augas pluviais) así como outros danos puntuais.

As actuacións que se prevén afectan non só á subida a Santa Susana, senón tamén ás zonas do Paseo dos Leóns, Paseo da Ferraduras e Paseo

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-09-16 12:52

Central da Alameda onde se atopan danos na conservación dos pavimentos de area compactada.

Proxéctase a recuperación das canles de lastros de granito e tamén do pavimento de terra actual, aínda que neste último caso a solución material proxectada non é exactamente a orixinal.

O novo acabado superior executarase cun pavimento terrizo tipo ARIPAQ de seis centímetros de espesor, con árido impermeabilizado e estabilizado, con ligante incoloro baseado en calcín de vidro e reactivos básicos de tamaño de 20 micras, todo nivelado e compactado ao 95%.

- OBSERVACIÓNS

O artigo 27 do Plan especial PE-1 establece que a "Comisión Asesora do Patrimonio Histórico" (na súa condición de órgano asesor e consultor en materia de protección do patrimonio cultural) asesorará ao Concello no relativo aos aspectos artísticos, históricos e arquitectónicos a considerar a os efectos da protección do conxunto histórico e dos elementos que o compoñen.

No mencionado artigo do Plan especial sinálase a necesidade de que a Comisión Asesora do Patrimonio Histórico emita informe previo con carácter preceptivo, entre outros casos, nas obras de calquera tipo que afecten directamente ás condicións materiais de conservación e valoración dos elementos catalogados.

CONCLUSIÓN

As obras de REPAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO PARQUE DE SANTA SUSANA, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Antonio Ranedo Santillana do SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS, (cun orzamento de execución material previsto de 97.359,01 € e un prazo de execución de 2 meses) son autorizables segundo o "Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), coa seguinte condición:

- O novo pavimento a executar nas superficies obxecto da intervención deberá manter a cor e a textura do pavimento actual dos paseos, para non alterar a imaxe do conxunto, evitando no posible a aparición de parches ou discontinuidades no acabado final.

Tendo en conta que a intervención proxectada unicamente pretende a substitución parcial do pavimento e non contempla a realización de novas redes de evacuación de augas, non se considera necesario solicitar o informe da sección municipal de Arqueoloxía."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-09-16 12:52

5.- A Comisión Asesora de Patrimonio Histórico informa con data 26 de setembro de 2016 favorablemente a intervención.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- O Parque de Santa Susana e Alameda atópase no ámbito do "Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1)", aprobado definitivamente o 24/03/1997 coas modificacións reflectidas na Disposición transitoria quinta da Revisión do Plan xeral de ordenación municipal, aprobado definitivamente por Orde do 1 de setembro de 2008 (DOG nº 185 do 24/09/2008 e BOP nº 56 do 10/03/2009).

II.- O Parque de Santa Susana e Alameda aparece incluído como espazo catalogado dentro do "Anexo: Catálogo de Protección" do plan especial PE-1, concretamente no apartado 3.2 "Xardíns e elementos naturais do espazo público"

III.- Por outro lado, na ficha pormenorizada sinálase que se catalogan os distintos ámbitos que conforman o conxunto de Santa Susana, en atención aos trazados reguladores que os xeneran, incluíndo a disposición de sendas, muros, noiros ou ribadas, elementos de ordenación e agrupacións arbóreas que configuran, entre outros, os seguintes espazos:

- Carballeira de santa Susana: agrupación de carballos tipo "albar" e "vermello".
- Paseo dos Leóns e da Ferradura: aliñación de carballos dos paseos e aliñación de álamos negros do miradoiro do Pombal.

IV.- De acordo coa ficha pormenorizada de catalogación, existe unha protección xenérica do conxunto da carballeira de Santa Susana, aínda que non unha protección específica de cada un dos árbores que a compoñen (como ocorre con outros exemplares de interese que si aparecen individualmente relacionados como árbores catalogados - araucarias, cedros, ginkgos...etc).

V.- Tamén hai que sinalar que no capítulo 2 "Elementos do espazo público" do Anexo Catálogo de Protección do PE-1, (dentro do apartado de "Mobiliario urbano e elementos de urbanización" obxecto de protección) aparecen catalogados con grado de protección integral, entre outros, os seguintes elementos:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-09-16 12:52

- o Portada do Paseo da Ferradura, cos leóns da antiga Fábrica de Sargadelos.
- o Palco da música.
- o Bancos de pedra do Paseo da Alameda coas súas pezas de fundición da antiga Fábrica de Sargadelos.
- o Escalinatas e Mirador da Ferradura.

VI.- A ordenanza de aplicación é a de espazos libres e zonas verdes públicas (art.173)

VII.- Na data 19 de xuño de 2000, a Comisión de Goberno do Concello de Santiago de Compostela acordou aprobar a petición do inicio das actuacións para a redacción do Plan Director de usos do Conxunto da Alameda, que non chegou a ser aprobado inicialmente.

De conformidade co ata aquí establecido propónse:

APROBAR o novo proxecto técnico de Repavimentación do Parque de Santa Susana de Santiago de Compostela redactado polo arquitecto Antonio Ranedo Santillana do SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS, condicionado á realización dunha proba previa de execución da intervención que deberá ser valorada pola Comisión Asesora de Patrimonio.

O novo pavimento a executar nas superficies obxecto da intervención deberá manter a cor e a textura do pavimento actual dos paseos, para non alterar a imaxe do conxunto, evitando no posible a aparición de parches ou discontinuidades no acabado final.

Os parámetros de licitación son os seguintes:

Nome do proxecto: Repavimentación do entorno do parque de Santa Susana

Orzamento das obras: 115.857,22 € + 24.330,02 € de IVE (21%) = 140.187,24 €

Prazo de execución: 2 (dous) meses

Clasificación do contratista: Non se esixe."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-09-16 12:52

APROBAR o novo proxecto técnico de Repavimentación do Parque de Santa Susana de Santiago de Compostela, redactado polo arquitecto Antonio Ranedo Santillana do SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS, **condicionado á realización dunha proba previa de execución da intervención que deberá ser valorada pola Comisión Asesora de Patrimonio.**

O novo pavimento a executar nas superficies obxecto da intervención deberá manter a cor e a textura do pavimento actual dos paseos, para non alterar a imaxe do conxunto, evitando no posible a aparición de parches ou discontinuidades no acabado final.

Os parámetros de licitación son os seguintes:

Nome do proxecto: Repavimentación do entorno do parque de Santa Susana

Orzamento das obras: 115.857,22 € + 24.330,02 € de IVE (21%) = 140.187,24 €

Prazo de execución: 2 (dous) meses

Clasificación do contratista: Non se esixe

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

